

CONVENIO PARA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E O CONCELLO DE CENLLE PARA O PROXECTO SENLLEIRO "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL NA ALDEA MODELO DE OSMO", ORIENTADO Á MELLORA DA ESTRUCTURA E INFRAESTRUTURA DO TERRITORIO PARA FORTALECER O DESENVOLVEMENTO DO RURAL GALEGO.

REUNIDOS

Dunha parte, Inés Santé Riveira, en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora xeral, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 155/2020 (DOG núm. 190, do 18.09.2020) e actuando en virtude do seu cargo, conforme ao previsto no artigo 8 do Decreto 79/2011, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Agader, e no exercicio facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 05.08.2013).

Doutra, José Manuel Rodríguez Lamas, na súa calidade de alcalde do Concello de Cenlle, en virtude da súa condición de alcalde do citado concello segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para asinar este convenio e,

EXPOÑEN

Que ámbalas dúas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións e o entorno para mellorar a calidade de vida da poboación que permitan, por un lado unha adecuada oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e permitan así mesmo unha boa gama de servizos básicos que permitan a mellora das condicións de sociabilización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

Que Agader é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego.

Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos senlleiros que poidan afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación que farán do medio rural un lugar mais atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego e mesmo do tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista de posibilitar o acceso a servizos non existentes ata o de agora.



As funcións de Agader previstas nos seus comezos aparecen recollidas na Lei 5/2000, do 28 de decembro. Posteriormente modificáronse polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000 (DOG núm. 244, do 17 de decembro), e polo apartado dous da disposición derradeira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 250, do 30 de decembro).

De conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, entre as funcións da axencia están:

- Impulsa-la formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas e programas de desenvolvemento.
- Promover e incentiva-la cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Elaborar estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural, así como promover avaliacións independentes dos resultados dos ditos plans que permitan a súa revisión

Con este convenio asegurámonos de ter, dentro das nosas posibilidades, o espazo necesario para que poidan desenvolverse actividades que favorezan a mellora da calidade de vida da poboación do rural galego desenvolvendo infraestruturas que para o rural deberían de ser sen dúbida uns dos alicerces nos cales se deben soste as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos.

Agader quere acometer proxectos que poidan afectar a elementos do ámbito turístico no rural galego, xa que ditas actuacións inciden tanto na preservación do valores sociais do rural e da propia relación dos seus habitantes co seu medio, como na mellora dos servizos educativos, culturais, e de ocio que farán do medio rural un lugar mais atractivo ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e polo tanto do desenvolvemento xeral do territorio.

Por outro lado o Concello de Cenlle, como entidade máxima da representación do seu territorio debe de ser unha entidade referente na potenciación de actuacións que favorezan o desenvolvemento do seu entorno.

Estamos por tanto ante un proxecto senlleiro na Comunidade Autónoma que reforza tanto o potencial da Concello como Entidade coordinadora do desenvolvemento socioeconómico do seu territorio e como o potencial territorial do Concello entendido como unidade xeográfica.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrencia pública para realizar esta actuación, xa que dada a necesidade de atender áreas específicas como a que acontece no lugar de Osmo, Concello de Cenlle, débense realizar inversións que redunden na mellora da calidade de vida da poboación.

Neste caso a singularidade do proxecto reside na propia singularidade da actuación que se vai desenvolver: no marco dos procedementos regulados nos artigos 47.bis) e 47.ter) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, para os proxectos de mobilización de terras e mais para o fomento da mobilización de terras a través do programa de aldeas modelo, o Consello de Dirección de Agader identificou e declarou a Zona de actuación para o Proxecto de Aldea Modelo de Osmos no concello de Cenlle (Ourense).



O artigo 47 ter da Lei 6/2011, de 13 de outubro, de mobilidade de terras, modificado en virtude da Lei 7/2019, do 19 de decembro, prevé que a consellaría competente en materia do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, promova a realización de actuacións integradas co obxectivo de fomentar a mobilización de terras a través de proxectos de aldeas modelo, consistentes na recuperación e posta en valor das terras circundantes a núcleos de poboación, incluíndo total ou parcialmente as súas faixas secundarias de xestión de biomasa.

Nos proxectos de aldeas modelo procurárase a recuperación da actividade económica e social deses núcleos, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e o aumento da calidade de vida da súa poboación. Para estes efectos, a consellaría competente en materia do medio rural coordinará as súas actuacións, ademais de cos respectivos concellos, coas consellarías e entidades competentes para promover, entre outras finalidades, a recuperación da capacidade agronómica do perímetro do proxecto, a rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística e a promoción do emprego. En particular, poderán habilitarse liñas específicas de axuda para o desenvolvemento de actividades neses proxectos.

Neste contexto, Osmo, no concello de Cenlle, foi a primeira aldea modelo declarada en virtude do Acordo do Consello de Dirección referido, e a capacidade de arrastre da iniciativa está claramente contrastada, pois a día de hoxe están xa declaradas un total de 13 aldeas modelo, e outras están en proceso de declaración. No caso de Cenlle, ademais, a actividade económica e de recuperación agraria está claramente reforzada co primeiro proxecto de explotación agrogandeira de porco celta.

Nun paso máis para a recuperación económica e social desta zona rural, este convenio ten por obxecto a rehabilitación dunha antiga vivenda tradicional para a actividade de turismo rural, co obxectivo último de contribuír á súa recuperación demográfica, arquitectónica e urbanística, á promoción do emprego e á mellora da calidade de vida da súa poboación.

A imposibilidade de promover a concorrencia vén determinada pola singularidade da actuación pola contribución aos obxectivos previstos na propia Lei de mobilidade de terras, o que xustifica o seu interese público e social.

A subvención directa decídese por tanto en base a criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, a singularidade e excepcionalidade do elemento a tratar, implicación por parte da entidade no desenvolvemento de actividades de difusión, remate e acondicionamento de infraestruturas existentes, necesidade da urxencia para as actuacións de conservación, dispor dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte á inversión destas características.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Agader e o Concello de Cenlle para o proxecto senlleiro “Rehabilitación de edificación tradicional na aldea modelo de Osmo” orientado á mellora da estrutura e infraestrutura do territorio para fortalecer o desenvolvemento do rural galego



SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións a realizar por parte do Concello de Cenlle son as descritas na “memoria valorada para obras de rehabilitación de edificación tradicional existente para turismo rural. Osmo.Concello de Cenlle”, presentado polo Concello de Cenlle e incorporado ao expediente.

Para elo cómpre realizar as actuacións necesarias que permitan ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos de difusión ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns o uso das infraestruturas obxecto do convenio.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello

O Concello de Cenlle comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade -tanto impresa como audiovisual- a colaboración de Agader e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia Agader e da Xunta de Galicia.

Así mesmo comprométese a cumprir as obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial, as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de Cenlle cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O Concello deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pago, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da LSG e no artigo 11 do RLSG.

A sinatura deste convenio implica a autorización á Agader para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente no pago das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

O Concello comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens



inventariables. AGADER poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio

CUARTA.- Financiamento

Agader comprométese a aboar ao Concello de Cenlle a cantidade de 200.000 €, para o proxecto "Rehabilitación de edificación tradicional na aldea modelo de Osmo", con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2020 e 2021, código de proxecto 2017-00003 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural", coa seguinte distribución:

- Anualidade 2020: 160.000 €
- Anualidade 2021: 40.000 €

Esta cantidade, 200.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, Agader poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo de 160.000 €. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

O importe restante, 40.000 €, pagarase no momento en que o concello xustifique o cumprimento total do obxecto e das demais condicións establecidas no convenio.

O Concello tamén poderá solicitar pagos á conta, de acordo co disposto no artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa, 160.000 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que o Concello solicite pagos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co importe anticipado.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá realizarse de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. Os prazos máximos para presentar a documentación xustificativa da actividade son os seguintes:

- Para os gastos correspondentes á anualidade 2020: 21 de decembro de 2020
- Para os gastos correspondentes á anualidade 2021: 30 de agosto de 2021



Imputaranse a cada anualidade os gastos causados e xustificados dentro dos prazos previstos no parágrafo anterior.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O concello presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención dentro dos prazos indicados para a xustificación, e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - o O cumprimento da finalidade da subvención
 - o Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- De ser o caso, os tres presupostos que se exigen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- En relación coa adquisición dos terreos e edificacións, achegarase un certificado dun taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe.
- Acta de recepción.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2020, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.



No caso de que o Concello de Cenlle non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá a perda o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA .- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención. procederá a perda do dereito ao cobro e, se é o caso, o reintegro dos importes percibidos cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA .- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento deste convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada un/unha representante de Agader designado pola directora xeral de Agader, e por un/unha representante do concello, previa designación da persoa titular da alcaldía.

A dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.



NOVENA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación, así mesmo, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2020.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas. Esténdese en duplicado exemplar, na data indicada.

Por Agader
A directora xeral de Agader
(asinado dixitalmente)
Inés Santé Riveira

Polo Concello de Canelle
O alcalde
(asinado dixitalmente)
José Manuel Rodríguez Lamas

